

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



TEMPORADA
2024 - 2025
AUDITORIO DE GALICIA

ROMÁNTICA

XOVES 7 NOVEMBRO 2024

Auditorio de Galicia, 20.30 h

REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA

Baldur Brönnimann, director

CONVERSANDO CON... Baldur Brönnimann e Raquel García-Tomás

Sala Mozart, 19.45 h

UNO FORNISTAS

PROGRAMA

RAQUEL GARCÍA-TOMÁS (1984)

Ceci n'est pas une valse*

* *Co-encarga da Real Filharmonía de Galicia, Palau de la Música Catalana, Orquestra Simfònica de Vallès e Fundació Catalunya-La Pedrera. Estrea absoluta*

ANTON BRUCKNER (1824-1896)

Sinfonía núm. 4 en Mi bemol maior

"Romántica"

I. Bewegt; nicht zu schnell

II. Andante quasi Allegretto

III. Scherzo: Bewegt

IV. Finale: Bewegt; doch nicht zu schnell

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA 2024 - 2025

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico; Sebastian Zinca o seu director asistente e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

DIRECTOR

Baldur Brönnimann

VIOLÍNS I

James Dahlgren,
concertino
Adriana Winkler,
axuda de concertino
Anca Smeu **
Michal Ryczel
Victoria Jurov
Yulia Petrushevskaya
Ildiko Oltai
Anna Alexandrova
Ilya Fisher
Pedro Budiño ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Kiyoko Ohashi
Irina Gruia
Elina Viksne

Enrique Roca
Helena Sengelow
Gyula Vadaszi
Yiran Niu ***

VIOLAS

Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Oxana Bakulina
Anne Schlossmacher
Xiana Baliñas ***
Inês Fernando ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska
Carlos García
Millán Abeledo
Manuel Lorenzo
Thomas Piel
Esther Fernández ***
Alexander Alexandrov ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Amador Del Pozo
Irene Sancho ***

FRAUTAS

Carmen Ferreiro (R)
Belén Aragunde ***

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **

CLARINETES

Beatriz López
Vicente López *

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **

TROMPAS

Alfredo Varela
Millán Molina

Jordi Ortega *
Roi Guzmán ***

TROMPETAS

Ramón Llåtser **
Alejandro Vázquez (R)
Oscar Rial ***

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
Iago Ríos (R)
Marcos Pereiro (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

ARPA

Beatriz Cortesao (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Marta Prado (R)
Gonzalo Zandundo (R)

*principal | **coprincipal | ***EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

BALDUR BRÖNNIMANN

DIRECTOR

Nacido en Suíza e residente en Madrid dende hai máis de 13 anos, Brönnimann formouse na Academia de Música da Cidade de Basilea e no Royal Northern College of Music de Manchester, onde posteriormente foi nomeado titor visitante de dirección.

Baldur é unha persoa profundamente comprometida coa relevancia da música clásica na sociedade e coa creación actual, moi activo como comisario de novas obras, de diferentes festivais e ciclos, así como coa divulgación e formación de novos músicos e público.

A súa carreira como director artístico e musical comeza coa dirección titular da Orquesta Sinfónica Nacional de Colombia en Bogotá, posto que ocupou entre os anos 2008 e 2012. Entre 2011 e 2015 asumiu a dirección artística de BIT20, principal conxunto de música contemporánea de Noruega. Ademais, entre 2014 e 2020 foi director principal da Orquesta Sinfónica

do Porto Casa da Música á que segue regresando cada temporada tras un exitoso mandato.

Nos últimos anos, entre 2016 e 2023, tamén liderou a Sinfonietta de Basilea, orquestra onde dirixe programas que combinan obras contemporáneas co repertorio estándar, nunha procura constante para desafiar as convencións clásicas e explorar novas vías para a interpretación orquestral.

Brönnimann dirixiu salientables interpretacións de obras de compositores como Ligeti, Romitelli, Boulez, Vivier, Schnebel e Zimmerman en festivais como o Wien Modern, Darmstadt, Mostly Mozart no Lincoln Center e os Proms da BBC, e goza da máis alta consideración dalgúns dos compositores máis eminentes da actualidade, como Chin, Lachenmann e Saariaho. Nas últimas tempadas converteuse nun director moi demandado, e dirixiu a Filharmónica de Seúl, Filharmónica de Oslo, Sinfónica da WDR, Sinfónica de Bar-

celona, Filharmónica de Bergen, a Sinfónica da Radio de Viena e as orquestras de Cámara de Aurora e Múnic, entre outras.

Nos teatros de ópera, Brönnimann dirixiu *Le Grand Macabre* de Ligeti na English National Opera, a Kammersoper Berlin e o Teatro Colón (Bos Aires) tanto nas producións da Fura dels Baus como de Barrie Kosky, *A morte de John Adams* de Klinghoffer na English National Opera, *L'amour de loin* de Kaija Saariaho no Festival de Bergen e a Ópera de Noruega, e *Index of Metals* de Romitelli con Barbara Hannigan no Theater an der Wien de Viena. No Teatro Colón da Arxentina tamén dirixiu *Erwartung* de Schoenberg, *Hagith* de Szymanowski e *The Little Match Girl* de Helmut Lachenmann, co compositor como narrador, e *Die Soldaten* de Zimmermann.

Desde o ano 2023, Baldur é o director artístico e titular da Real Filharmonía de Galicia e director da Escola de Altos Estudos Musicais.

RAQUEL GARCÍA-TOMÁS

COMPOSITORA

Compositora especializada en creación interdisciplinar doutorada no Royal College of Music de Londres. En 2020 foi galardoada co Premio Nacional de Música “polo carácter interdisciplinar, innovador e arriscado dunha linguaxe compositiva singular e propia”. En 2017 recibiu o Premio El Ojo Crítico de Música Clásica de RTVE “pola orixinalidade das súas formulacións e polo uso e combinación da linguaxe compositivo con linguaxes tecnolóxicas e audiovisuais”. Recentemente recibiu o *Premi Nacional de Cultura 2024* (Generalitat de Catalunya) “pola súa excelencia na composición musical, froito dunha sólida formación e aptitude para a innovación contemporánea que lle permiten conseguir o equilibrio entre experimentación sonora e visual sen perder a capacidade de emocionar a un público amplo”.

A súa música foi interpretada en salas como o Gran Teatre do Liceu, o Auditorio Nacional de Música de Madrid, L’Auditori de Barcelona, o Palau da Música Catalá,

Wigmore Hall de Londres, Queen Elizabeth Hall (Southbank Centre), Philharmonie Luxembourg, Het Concertgebouw, Wiener Konzerthaus, Musikverein, Elbphilharmonie Hamburgo, Konserthuset de Estocolmo, Müppa Budapest ou o DOX Centre for Contemporary Art de Praga, entre outros. A súa música estivo presente en festivais como o Huddersfield Contemporary Music Festival, o Kunstfest Weimar e o Festival de Lucerna e colaborou con agrupacións como a London Sinfonietta, a Oslo Sinfonietta e o Phace Ensemble, entre outros.

No marco da creación operística, é creadora de *DIDO Reloaded* (2013) e, grazas ao proxecto *Go, AENEAS, go!*, en 2014 recibe o Berliner Opernpreis da Neuköllner Oper de Berlín. En 2015, estrea *disPLACE – II. Història d’una casa* (texto de H. Tornero e dirección escénica de P. Pawlik) no festival vienés MusikTheaterTage Wien, ópera que se reinterpreta nos Teatros da Canle dentro da programación xeral do Teatro Real de Madrid

2016/17. En 2018, crea a ópera bufa *Je suis narcissiste* con H. Tornero e M. Pazos, que se estrea dentro da programación xeral das tempadas 2018/19 do Teatro Real de Madrid, o Teatro Español e o Teatre Lliure de Barcelona. *Je suis narcissiste* foi gañadora dun *Premi Alícia* na categoría 'Interdisciplina' e nomeada aos *International Opera Awards 2020* na categoría de 'World Premiere' e aos *Premios Max* en tres categorías. Na tempada 2022/23, Raquel estrea *Alexina B.* no do Gran Teatre do Liceu, xunto á libretista Irène Gayraud e a directora de escena Marta Pazos. Esta ópera, merecedora da Bolsa Leonardo da Fundación BBVA 2020 e nomeada aos *International Opera Awards 2023* na categoría 'World Premiere', resultou gañadora de múltiples premios, entre eles dun Premio Max 2024 na categoría 'Mellor composición musical para espectáculo escénico' e dun Premio Alícia 2024 (Acadèmia Catalá da Música) na categoría 'Autoría'.

Entre os proxectos recentes máis destacados inclúense a obra sinfónica *Las constelaciones que más brillan*, estreada en L'Auditori de Barcelona coa OBC baixo a batuta de Ludovic Morlot, e con interpretacións posteriores na Elbphilharmonie de Hamburgo e o Konserthu-

set de Estocolmo, o cuarteto de corda à *plein*, estreado polo Cuarteto Quiroga no Palau da Música Catalá, e *Ara si que ets divina*, estreada pola OBC, baixo a dirección de Ludovic Morlot, en conmemoración do 25º aniversario de L'Auditori de Barcelona.

Nesta temporada, Raquel colabora como compositora residente na Real Filharmonía de Galicia. Isto inclúe a estrea mundial de *Ceci n'est pas un valse*, dirixida por Baldur Brönnimann, xunto con interpretacións doutras obras do seu catálogo orquestral. Así mesmo, Raquel será a compositora convidada no Palau da Música Catalá: a súa música estará programada en seis concertos ao longo da tempada, incluíndo obras do seu repertorio e dúas estreas mundiais con solistas como Nicolas Altstaedt e Lorenza Borrani.

NOTAS AO PROGRAMA ROMÁNTICA

O concerto que esta noite ofrece a Real Filharmonía leva por título *Romántica*, en clara referencia a unha das obras que conforman o programa: a *Sinfonía núm. 4 en Mi b maior* de Anton Bruckner que se subtitulou precisamente así. Por outra banda, assistiremos á estrea absoluta de *Ceci n'est pas une valse* de Raquel García-Tomás, compositora en residencia da RFG nesta temporada.

Raquel García-Tomás (1984) é doutora en música polo Royal College of Music e unha das creadoras máis importantes do país na actualidade. Recentemente, en 2020, foi galardoada co Premio Nacional de Música do Goberno de España “polo carácter interdisciplinario, innovador e atrevido dunha linguaxe compositiva distintiva e única” e no presente ano, a Generalitat de Cataluña concedeulle o Premio Nacional de Cultura. As súas obras son programadas con frecuencia en importantes salas nacionais (Gran Teatre del Liceu, Auditorio Nacional de Música de Madrid, L'Auditori de Barcelona, Palau de la Música Catalana) e internacionais (Wigmore Hall de Londres, Queen Elizabeth Hall, Het Concertgebouw, Philharmonie Luxemburgo, Wiener Konzerthaus, Musikverein, Elbphilharmonie de Hamburgo, Konserthuset de Estocolmo ou o Müpa Budapest). Dentro da

súa produción destacan as óperas *Je Suis Narcissiste* e *Alexina B* que foron nomeadas polos International Opera Awards como Mellor Estrea Mundial.

Baixo o suxerinte título *Ceci n'est pas une valse (Isto non é un vals)*, García Tomás preséntanos a estrea mundial dunha obra co-encargo de Real Filharmonía de Galicia, o Palau de la Música Catalana, Orquestra Simfónica del Vallès e a Fundació Catalunya-La Pedrera. A compositora parte dun referente ben coñecido para o público, o valse vienés decimonónico para crear unha obra divertida e curiosa. A idea principal foi extraer pequenos detalles dese xénero para sacalos de contexto e convertelos en grandes masas sonoras. A obra está dividida en cinco seccións que se interpretan de maneira continua e que contrastan entre si en carácter e procedementos compositivos. A primeira, *Ecstati*, consiste nun tutti orquestral en fortísimo no que se produce un lento desenvolvemento harmónico. Trátase dunha especie de gran proceso cadencial dun valse. A continuación, atopamos *Misty*, unha sección totalmente diáfana que nos transmite a idea de algo distante. Por primeira vez aparece un motivo melódico recoñecible que parece a cita

dun valse antigo, pero que é en realidade de nova creación, e que será sometido a un pequeno desenvolvemento. A terceira sección denomínase *Playful* e destaca polo seu carácter rítmico e desenfadado. O foco de interese está na percusión (timbal, caixa e triángulo) que conforman unha base frenética sobre a que se desenvolve o motivo que xa aparecía na sección anterior. O resultado é un valse que sona desfigurado, coxo, e que chega a un punto de clímax para logo disolverse. O cuarto movemento, *Stealthy*, é máis estable e nel convive unha dualidade entre o desenvolvemento tradicional dun valse e outra masa sonora que parece unha presenza que choca contra a primeira. A sección ábrese cun motivo desfasado nos graves que logo se vai trasladando ás distintas seccións da orquestra. O son do glockenspiel supón un desenvolvemento distinto do motivo a nivel tímbrico e recórdanos á sonoridade dunha caixiña de música. Finalmente, a sección cinco *Aethereal* retoma o carácter da primeira co retorno dunha gran masa sonora.

A segunda obra do programa é a *Sinfonía núm.4 en Mi b maior "Romántica"* de Anton Bruckner (1824-1896), autor do que este ano celebramos o bicentenario do seu nacemento, que tivo lugar no seo dunha familia humilde orixinaria dun pequeno pobo da zona alta de Austria chamado Ansfelden. Os seus primeiros pasos profesionais non foron na composición, campo ao que se achegaría xa na madurez, arredor dos corenta anos. Traballou como mestre de escola substituindo ao seu pai e

posteriormente obtivo a praza de organista na catedral de Linz en 1856. Poucos anos máis tarde, trasladou a súa residencia a Viena, onde exerceu como profesor de órgano no Conservatorio e organista da corte imperial. Neses mesmos anos coñeceu a Wagner na primeira representación do Tristán e Isolda en Múnic e quedou fascinado, comezando unha auténtica veneración por el. Este feito, entre outros motivos, tivo consecuencias na acollida das súas obras posto que a sociedade vienesa do último terzo do s. XIX estaba fragmentada entre os partidarios da música absoluta (corrente representada por Brahms e encabezada polo crítico musical Hanslick que defendía que a música debía ser só forma e estrutura) e aqueles outros que pretendían a fusión da música con outras artes, como Liszt ou Wagner. A admiración de Bruckner cara este último pareceu colocalo nun bando en concreto, cando en realidade os estilos dos dous autores foron bastante diferentes.

As influencias máis importantes que impregnan a obra de Bruckner son Beethoven e Wagner, e a súa escritura orquestral estivo moi determinada polo feito de tocar o órgano, intentado trasladar moitos dos recursos do instrumento ao conxunto. A obra relixiosa ocupa un papel destacado no seu catálogo, xa que foi un fervoroso crente e estivo moi ligado ao Cecilianismo, movemento desenvolvido durante o século XIX que pretendía recuperar o canto gregoriano na súa forma primixenia e máis pura, así como á polifonía renacentista, especialmente a de

G.P. Palestrina. Todos estes aspectos plasmáronse nas súas sete misas e o seu célebre *Te Deum*. Non obstante, o máis aclamado e recoñecido da súa produción son as nove sinfonías (máis dúas previas non numeradas) que presentan unha serie de características comúns e que tamén detectaremos na que hoxe escoitaremos. En primeiro lugar, todas elas teñen unha gran lonxitude e monumentalidade e están divididas en catro movementos que se estruturan en formas clásicas. Habitualmente hai relación temática entre movementos como xa fixera Beethoven na súa novena sinfonía e tamén recorre con frecuencia ás diversas técnicas do contrapunto no tratamento do material musical. A orquestración está moi influenciada por un pensamento propio do órgano –en bloques de sons– e son habituais os corais de instrumentos de metal na liña wagneriana. A sinfonía *Sinfonía núm. 4 en Mi b maior “Romántica”* foi escrita entre 1874 e 1880 e como en moitas das súas obras existen varios borradores e versións da mesma. A obra está dedicada ao príncipe Constantino de Hohenlohe e consta de catro movementos: *Allegro molto moderato*, *Andante quasi allegretto*, *Scherzo* e *Finale*. Bruckner acostumaba a rexeitar análises poéticas e descritivas das súas obras, porén nesta si anotou algunhas suxestións en determinadas pasaxes que iremos comentando e que deron lugar a diversas interpretacións e lecturas, tamén a relixiosa. Walter Niemann cualificaba a cuarta sinfonía como unha “Wald Symphonie”, sinfonía do bosque, e

relacionábaa cas intencións poéticas de outras célebres obras como a *Sinfonía Pastoral* de Beethoven, *As estacións* de Haydn ou a ópera *O cazador furtivo* de Weber. Bruckner era un poeta de carácter místico e nese senso, a beleza da natureza era para el unha revelación do Divino.

O primeiro movemento (*Bewegt, nicht zu schnell, Allegro moderato*) presenta forma sonata, cas tres seccións habituais: Exposición (temas A e B), Desenvolvemento e Recapitulación (de novo temas A e B). Primeiramente, na introdución sobre un murmurio creado polo *tremolo* nas cordas aparece unha chamada de trompa que parece representar o amencer. O filósofo Eugenio Trías comentaba que era como “un espertar xigantesco”. Pouco a pouco, e sobre ese motivo, establécese un diálogo entre os distintos sons do bosque que desembocan no tema A. Este ten un carácter rítmico, activo, grandioso e heroico e Bruckner sinalou ao seu respecto a seguinte frase: “ábrense as portas, sobre orgullosos corceis, os cabaleiros saen cara a campiña”. Outra lecturas máis místicas, porén, relaciónano coa trindade. Despois dunha pausa, aparece o tema B, contrastante, que recorda a unha especie de valse popular ou *Länder*. En realidade parece ser que o compositor quería imitar o canto dun paxaro, o ferreiriño abelleiro, e para iso emprega un ritmo característico formado por dúas figuras breves e unha longa, que en termos técnicos se coñece como anapesto. Esta gran primeira sección remata coa síntese dos dous temas (A e B) a

modo de conclusión. O desenvolvemento é longo e consta de tres seccións, nas que iremos escoitando recordos de temas e motivos xa aparecidos. Na recapitulación reiteramos o xa escoitado na exposición e na mesma orde, e unha coda final con carácter de redención pon o broche a este movemento.

O segundo, *Andante quasi allegretto*, é unha canción lírica á maneira dunha marcha fúnebre e Bruckner describiuno como “canción, pregaria, serenata”. O seu carácter é melancólico e para algúns estudiosos é un movemento “Schubertiano”, pola súa simplicidade de organización. Aparecen dous temas: o primeiro é un canto sobrio interpretado polos violonchelos; o segundo, tocado polas violas e repetido por toda a corda en diversas tonalidades, semella unha canción. Posteriormente escóitase o tema lamentoso dos violonchelos amplificado nos ventos e o seu carácter evoluciona dende a tristeza ata unha afirmación triunfante. Ao final, unha melodía do clarinete e un gran decrescendo proporcionan un claro cambio de carácter.

O terceiro movemento, *Scherzo (Bewegt, axitado)* é un cadro de caza e trátase do momento máis coñecido da obra. Nel escoitaremos toques de trompas e trompetas, ruídos de cans, chamadas dos cazadores, presentando a alternancia habitual entre o Scherzo, un trío de carácter contrastante, e a volta do primeiro. No Scherzo escoitamos dous temas: unha fanfarra protagonizada polos metais, mentres o segundo, interpretado

por corda e trompas, é de carácter máis elegante. Pola súa parte o trío é un Ländler, con claras influencias schubertianas e o propio Bruckner comentou ao seu respecto nunha carta a un amigo que era “un entretemento musical dos cazadores, un aire de danza durante o almorzo na cacería”.

O *Finale*, cuarto e derradeiro movemento (*Bewegt, doch nicht zu schnell*, animado pero sen precipitación), ten un impresionante comezo e de novo é unha estrutura de sonata (Exposición-Desenvolvemento-Recapitulación). Unha introdución misteriosa, repetitiva e longa precede a un crescendo que culmina nun *tutti* orquestral onde ao unísono enuncian o tema principal en fortísimo. Suxírese a idea da tormenta e os terrores que suscita e escoitamos no metal un recordo do inicio do primeiro movemento, convertendo á obra nunha especie de sinfonía cíclica, moi do gusto romántico. O segundo tema está conformado por un conxunto de motivos que serán elaborados, fragmentados e traballados mediante distintos procedementos na sección central, a do desenvolvemento. A Recapitulación, un pouco modificada respecto á primeira sección, condúcenos a unha coda, na que os trombóns e a tuba volven a traer de novo o motivo xerador de toda a obra.

Pasado e futuro danse a man neste contrastante e variado concerto de tempada.

Carme Tubío Barreira

**REAL
FILHARMÓNIA
DE GALICIA**



AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026
ZONA C 981 542 462

OFICINAS

981 552 290

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

TWITTER

@CCultura

TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

PRÓXIMO CONCERTO
CANCIÓNS DE AMOR E DE BERCE

Ciclo de Lied

VENRES 15 NOVEMBRO

Auditorio de Galicia, 20.30 h

Simona Šaturová, soprano

Marek Kozák, piano

- Antonin Dvořák: Cancións de amor op. 83 (selección)
- Josef Suk: Canción de amor op. 7
- Alexander von Zemlinski: Cancións de vals op. 6 (selección)
- Robert Schumann: Arabesque en Do maior op. 18
- Claude Debussy: Noite de estrelas; Noite fermosa; Claro de lúa
- Karol Szymanowski: Tres cancións de berce op. 48
- Bohuslav Martinů: Canción de berce H232
- Frédéric Chopin: Balada en fa menor op. 52
- Richard Strauss: Mañá! op. 27 núm. 4; A noite op. 39 núm. 3; Serenata op. 17 núm. 2

